

## **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de setembro de 2021**

Ás 17.30 horas do día 15 de setembro de 2021, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Rosendo Luís Fernández Fernández

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. <sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventor:** D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Álvaro José Fernández López, que é substituído pola deputada dona Ana Patricia Torres Madureira.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 21 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DA DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IAE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.**

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**Primeiro:** Solicitarlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a delegación da competencia inspectora que o artigo 91.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, lle atribúe aos órganos da Administración tributaria do Estado, respecto do imposto sobre actividades económicas do Concello de San Cibrao das Viñas, cos límites e condicións establecidos na Orde do 10 de xuño de 1992.

**Segundo:** Facultar ao Sr. presidente para a realización das xestións necesarias e formalización dos documentos precisos para a execución do presente acordo.

**3º.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA**

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a revogación da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva da taxa polo abastecemento de auga do Concello de Rairiz de Veiga.

#### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021**

O Sr. interventor expón o contido da proposta así como da emenda remitida no día de hoxe.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, indica que a posición do seu grupo é clara e crítica con esta forma de proceder. Sinala que os criterios de reparto dos fondos da Deputación Provincial deben ser outros e que en todo caso debería partirse duns criterios obxectivos e que o dito reparto non quede ao *albur* do grupo de goberno. Igualmente critica a previsión de máis de 900.000 euros para un préstamo participativo que entende debe ir destinado a Meisa, aínda que da documentación da modificación orzamentaria non se deduce con claridade. Entende que polo enorme volume de préstamos que se concederon nos últimos anos a esta entidade e polo importe deste préstamo, que chega case ao millón de euros, a memoria da modificación debería conter unha explicación detallada. Por último sinala que Meisa se está a converter nun saco sen fondo, polo que se debería analizar cara onde se quere avanzara con esta infraestrutura.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, toma a palabra para indicar que esta modificación orzamentaria lle merece o cualificativo de escandalosa e que non van apoiar este escándalo. Respecto do préstamo participativo de máis de 900.000 euros mantén a mesma opinión que o BNG e que non se entende que a memoria da documentación non explique esta importante previsión orzamentaria. Para concluír indica que o Grupo Socialista non comparte esta forma de gobernar.

**D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito**, indica tamén que este préstamo a longo prazo que se prevé no orzamento debería conter unha información máis detallada.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular**, indica que efectivamente estamos ante un préstamo a longo prazo, en todo caso reintegrable, e que espera que así sexa e de algún día a Deputación poida recuperar os diferentes préstamos participativos. Indica que este préstamo se financie integramente con cargo ao remanente da tesourería provincial. Respecto ás

subvencións previstas na modificación orzamentaria sinala que o grupo de goberno recolle as demandas dos diferentes concellos, mancomunidades, entidades e colectivos da provincia.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, indica que se o Grupo Socialista gobernase na Deputación gobernaría para todos os concellos e non só para algúns, que é o que fai o actual grupo de goberno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a abstención do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar inicialmente o expediente n.º 8/2021 de modificación de créditos mediante suplementos de crédito e créditos extraordinarios e modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2021, co seguinte contido:

#### **GASTOS DE INVESTIMENTOS**

##### **SUPLEMENTOS DE CRÉDITO**

| APLICACIÓN                               | EXPRESION                                                                | IMPORTE €             |
|------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| 433.00/831.00                            | Desenvolvemento empresarial. Préstamo a longo prazo.                     | 996.699,35 €          |
| 450.12/762.01                            | Cooperación Provincial. A Concellos subvenc. Convenios                   | 1.000.436,06 €        |
| 336.11/789.04                            | Patrimonio histórico artístico. Outras transferencias Bispado de Astorga | 25.000,00 €           |
| 334.20/789.00                            | Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias               | 20.000,00 €           |
| 231.11/789.00                            | Acción social. Outras transferencias                                     | 60.000,00 €           |
| <b>TOTAL SC. Gastos de investimentos</b> |                                                                          | <b>2.102.135,41 €</b> |

##### **CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS**

| APLICACIÓN    | EXPRESIÓN                                                                                        | IMPORTE €   |
|---------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 336.11/629.00 | Patrimonio histórico artístico. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos | 20.000,00 € |

|                                           |                                                                                              |                     |
|-------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
|                                           | servizos                                                                                     |                     |
| 431.41/779.00                             | Promoción comercial. Outras transferencias a consellos reguladores de denominación de orixe. | 80.000,00 €         |
| <b>TOTAL C.E. Gastos de investimentos</b> |                                                                                              | <b>100.000,00 €</b> |

## **GASTOS CORRENTES**

### **SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

| <b>APLICACIÓN</b>                  | <b>EXPRESIÓN</b>                                                            | <b>IMPORTE €</b>    |
|------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| 912.11/224.00                      | Corporación Provincial. Primas de seguros                                   | 25.000,00 €         |
| 334.20/226.09                      | Actividades culturais e recreativas. Actividades culturais                  | 50.000,00 €         |
| 334.20/489.08                      | Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias Pen Club Galicia | 10.000,00 €         |
| 450.12/462.00                      | Cooperación Provincial. A Concellos                                         | 100.584,00 €        |
| 231.11/489.01                      | Acción social. Outras transferencias nominativas                            | 152.000,00 €        |
| 450.12/463.00                      | Cooperación provincial. A Mancomunidades                                    | 50.000,00 €         |
| 334.20/489.00                      | Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias                  | 68.500,00 €         |
| 433.00/489.00                      | Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias                          | 30.800,00 €         |
| 341.11/482.01                      | Promoción e fomento do deporte. Subvencións a entidades e clubs deportivos  | 16.000,00 €         |
| 924.12/489.00                      | Participación veciñal. Outras transferencias, asociacións                   | 10.000,00 €         |
| 431.11/480.03                      | Feiras e exposicións. A Expourense                                          | 21.680,00 €         |
| 341.11/479.00                      | Promoción e fomento do deporte. Subvencións a empresas privadas             | 12.100,00 €         |
| <b>TOTAL S.C. Gastos correntes</b> |                                                                             | <b>546.664,00 €</b> |

## RESUMO

|                                     |                     |
|-------------------------------------|---------------------|
| Suma suplementos de crédito .....   | 2.648.799,41 €      |
| Suma créditos extraordinarios ..... | 100.000,00 €        |
| <b>TOTAL MC 8/2021</b>              | <b>2.748.799,41</b> |

## RECURSOS UTILIZADOS

|                                                                              |                       |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| <b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b> | <b>2.748.799,41 €</b> |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|

**2º.-** Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense **procede concretar o capítulo IV e VII de gastos** que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

**Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”**

| <b>Beneficiario.<br/>Concellos</b> | <b>Finalidade</b>                             | <b>Importe</b> |
|------------------------------------|-----------------------------------------------|----------------|
| Bande                              | Convenio Colexio de Arquitectos               | 5.000,00 €     |
| Carballeda Valdeorras              | Servizos sociais-fisioterapia                 | 11.800,00 €    |
| Carballeda Valdeorras              | Campamento de verán                           | 10.000,00 €    |
| Carballeda Valdeorras              | Traballos medioambientais                     | 25.000,00 €    |
| Cartelle                           | Maratón fútbol sala feminino                  | 8.000,00 €     |
| Larouco                            | Redacción proxectos                           | 7.072,00 €     |
| Monterrei                          | Control analítico augas Balneario Requeixo    | 8.712,00 €     |
| San Cristovo de Cea                | Actividade cultural Institucional do concello | 25.000,00 €    |

|                            |                     |
|----------------------------|---------------------|
| <b>TOTAL 450.12/462.00</b> | <b>100.584,00 €</b> |
|----------------------------|---------------------|

**Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subv. convenios”**

| <b>Beneficiario.<br/>Concellos</b> | <b>Finalidade</b>                                                                               | <b>Importe</b> |
|------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| A Mezquita                         | Proxecto IDAE 4020                                                                              | 37.268,90 €    |
| A Rúa                              | Cofinanciamento IDAE                                                                            | 66.458,00 €    |
| A Rúa                              | Adquisición de edificio sede deputación comarcal                                                | 14.500,00 €    |
| Allariz                            | Mellora casa do concello                                                                        | 50.000,00 €    |
| Avión                              | Financiamento instalación areeiro                                                               | 19.900,00 €    |
| Beariz                             | Reforma Centro de Saúde                                                                         | 61.483,73 €    |
| Beariz                             | Cofinanciamento ascensor casa do concello                                                       | 13.000,00 €    |
| Boborás                            | Piscina                                                                                         | 34.056,47 €    |
| Boborás                            | Urbanización parcela novo centro de saúde                                                       | 36.180,04 €    |
| Boborás                            | Soterrado cableado Pazos de Arenteiro                                                           | 15.000,00 €    |
| Castrelo de Miño                   | Urbanización do entorno da vivenda comunitaria e Casa do Maior en Vide                          | 14.871,93 €    |
| Castrelo de Miño                   | Rehabilitación de dous tramos de saneamento en Barral e O Pazo                                  | 9.651,10 €     |
| Castrelo de Miño                   | Mellora rede de abastecemento ao núcleo da parroquia de Macendo                                 | 9.636,71 €     |
| Castrelo de Miño                   | Adquisición de vehículo ECO                                                                     | 10.000,00 €    |
| Castrelo de Miño                   | Reforma e ampliación de edificación existente para usos múltiples e construción parque infantil | 15.480,03 €    |
| Castrelo do Val                    | Arranxo fosa séptica                                                                            | 12.400,00 €    |
| Cortegada                          | Cofinanciamento plan HURBE                                                                      | 14.993,00 €    |
| Larouco                            | Reparación vías públicas e mobiliario urbano                                                    | 25.798,31 €    |

|                            |                                                                 |                       |
|----------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------|
| Larouco                    | Confinanciamento proxectos Xunta de Galicia                     | 20.000,00 €           |
| Larouco                    | Pavimentación Camiño dos Casares                                | 48.000,00 €           |
| Maside                     | Acondicionamento sede Protección Civil                          | 30.000,00 €           |
| Monterrei                  | Cofinanciamento liquidación final remate obras casa do concello | 22.500,00 €           |
| Muíños                     | Mellora Pasarela do Corgo                                       | 54.000,00 €           |
| O Bolo                     | Estrada Cambela - Límite con Viana                              | 32.000,00 €           |
| Oímbra                     | Placas solares para depuradora                                  | 24.080,28 €           |
| Oímbra                     | Remate camiño da ribeira                                        | 18.750,00 €           |
| Oímbra                     | Cofinanciamento Plan HURBE                                      | 14.000,00 €           |
| Oímbra                     | Humanización Obras San Cibrao 2019                              | 36.300,00 €           |
| Os Blancos                 | Lavadoiro                                                       | 15.000,00 €           |
| Parada do Sil              | Acondicionamento finca para aparcamento                         | 26.000,00 €           |
| Pereiro de Aguiar          | Seguridade viaria en vías municipais                            | 25.000,00 €           |
| Pereiro de Aguiar          | Traballos medioambientais                                       | 25.000,00 €           |
| Punxín                     | Material informático                                            | 3.139,95 €            |
| Punxín                     | Mobiliario urbano                                               | 3.000,00 €            |
| Punxín                     | Semáforos                                                       | 4.000,00 €            |
| Rairiz de Veiga            | Confinanciamento IDAE                                           | 80.000,00 €           |
| Ríós                       | Cofinanciamento XDG -Mellora depuradora                         | 9.987,61 €            |
| Sandiás                    | Proxecto iluminación                                            | 30.000,00 €           |
| Vilar de Barrio            | Remate execución proxecto báscula                               | 19.000,00 €           |
| <b>TOTAL 450.12/762.01</b> |                                                                 | <b>1.000.436,06 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 450.12/463.00 “Cooperación Provincial. A Mancomunidades”**

| BENEFICIARIO                                      | FINALIDADE    | IMPORTE            |
|---------------------------------------------------|---------------|--------------------|
| Mancomunidades<br>concellos Comarca<br>Carballiño | Gastos Xerais | 50.000,00 €        |
| <b>TOTAL 450.12/463.00</b>                        |               | <b>50.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 336.11/789.04 “Patrimonio histórico artístico. Outras transferencias. Bispado de Astorga”**

| BENEFICIARIO               | FINALIDADE                      | IMPORTE            |
|----------------------------|---------------------------------|--------------------|
| Diocese de Astorga         | Pintura exterior igrexa Sobrado | 25.000,00 €        |
| <b>TOTAL 336.11/789.04</b> |                                 | <b>25.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 341.11/”482.01 “Fomento do deporte. Subvencións a entidades deportivas”**

| BENEFICIARIO               | FINALIDADE             | IMPORTE            |
|----------------------------|------------------------|--------------------|
| Escudería Luíntra          | IX Rally Ribeira Sacra | 10.000,00 €        |
| Escuderia Barbadás         | Rally Mix Barbadás     | 6.000,00 €         |
| <b>TOTAL 341.11/482.01</b> |                        | <b>16.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 231.11/489.01 “Acción social. Outras transferencias nominativas”**

| BENEFICIARIO                                         | FINALIDADE                     | IMPORTE             |
|------------------------------------------------------|--------------------------------|---------------------|
| Fundación Hospital Asilo<br>Nuestra Señora dos Anxos | Asilo gastos funcionamento     | 80.000,00 €         |
| Asociación As Burgas                                 | Inclusión social               | 12.000,00 €         |
| Fundación Gavela                                     | Funcionamento 2021 e proxectos | 60.000,00 €         |
| <b>TOTAL 231.11/489.01</b>                           |                                | <b>152.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 231.11/789.00 “Acción social. Outras transferencias, asociacións”**

| BENEFICIARIO               | FINALIDADE               | IMPORT<br>E            |
|----------------------------|--------------------------|------------------------|
| Cruz Vermella              | Obras na sede provincial | 60.000,00<br>€         |
| <b>TOTAL 231.11/789.00</b> |                          | <b>60.000,00<br/>€</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”**

| BENEFICIARIO | FINALIDADE | IMPORT<br>E |
|--------------|------------|-------------|
|              |            |             |

|                                          |                                               |                    |
|------------------------------------------|-----------------------------------------------|--------------------|
| Agrupación Musical<br>Lopolias (Boborás) | Adquisición material instrumentos             | 4.000,00 €         |
| Centro de Estudos<br>Chamoso Lamas       | Gastos de funcionamento e proxectos           | 10.000,00 €        |
| Federación ANPAS<br>públicas de Ourense  | Gastos funcionamento e actividades<br>20/2021 | 18.000,00 €        |
| Fundación Losada<br>Diéguez              | Gastos de funcionamento                       | 10.000,00 €        |
| Queimán e Pousa                          | Proxecto audiovisual Ribeira Sacra 2019       | 14.500,00 €        |
| Real Academia de Belas<br>Artes          | Gastos de funcionamento                       | 12.000,00 €        |
| <b>TOTAL 334.20/489.00</b>               |                                               | <b>68.500,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 334.20/789.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”**

| <b>BENEFICIARIO</b>                    | <b>FINALIDADE</b>        | <b>IMPORT<br/>E</b> |
|----------------------------------------|--------------------------|---------------------|
| Asociación Unión Musical<br>de Allariz | Adquisición instrumentos | 9.000,00 €          |

|                                                            |                                  |                    |
|------------------------------------------------------------|----------------------------------|--------------------|
| Banda de Música O Barco de Valdeorras                      | Adquisición material             | 6.000,00 €         |
| Asociación cultural, deportiva y recreativa A Rúa (Casino) | Adquisición material audiovisual | 5.000,00 €         |
| <b>TOTAL 334.20/789.00</b>                                 |                                  | <b>20.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 431.41/779.00 “Promoción comercial. Outras transferencias a consellos reguladores de denominación de orixe”**

| <b>BENEFICIARIO</b>        | <b>FINALIDADE</b> | <b>IMPORT<br/>E</b> |
|----------------------------|-------------------|---------------------|
| CRDO Valdeorras            | Obras sede        | 80.000,00 €         |
| <b>TOTAL 431.41/779.00</b> |                   | <b>80.000,00 €</b>  |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 433.00/489.00 “Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias”**

| <b>BENEFICIARIO</b>                       | <b>FINALIDADE</b>                    | <b>IMPORT<br/>E</b> |
|-------------------------------------------|--------------------------------------|---------------------|
| Asociación Empresarios Polígono Barreiros | Sistema seguridade                   | 5.800,00 €          |
| I.X.P. Castaña de Galicia                 | Promoción e funcionamento ano 2020 e |                     |

|                            |      |                        |
|----------------------------|------|------------------------|
|                            | 2021 | 25.000,00<br>€         |
| <b>TOTAL 433.00/489.00</b> |      | <b>30.800,00<br/>€</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 924.12/489.00 “Participación veciñal. Outras transferencias subvencións”**

| BENEFICIARIO               | FINALIDADE                   | IMPORTE            |
|----------------------------|------------------------------|--------------------|
| Federación Limiar          | Gastos de funcionamento 2021 | 10.000,00 €        |
| <b>TOTAL 924.12/489.00</b> |                              | <b>10.000,00 €</b> |

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 431.11/480.03 “Feiras e exposicións. A Expourense”**

| BENEFICIARIO               | FINALIDADE                          | IMPORTE            |
|----------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| Fundación Expourense       | Termatalia 2021                     | 9.680,00 €         |
| Fundación Expourense       | Roce e limpeza de terreos lindeiros | 12.000,00 €        |
| <b>TOTAL 431.11/480.03</b> |                                     | <b>21.680,00 €</b> |

**Con cargo a aplicación orzamentaria: 341.11/479.00 “Promoción e fomento do deporte. Outras subvencións a entidades privadas”**

| BENEFICIARIO        | FINALIDADE      | IMPORT<br>E    |
|---------------------|-----------------|----------------|
| Triente S.L         | Gold River Race | 12.100,00<br>€ |
| TOTAL 341.11/479.00 |                 | 12.100,00<br>€ |

**3º.-** Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2021:

**a)** Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos” dos orzamentos de 2021, prevíase unha subvención ao **Concello de Muíños** para “Campamento España de Remo ” por importe de 4.000,00 euros.

Baseándonos na solicitude presentada polo Concello de Muíños de data 28 de xullo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **proponse o cambio da finalidade** da subvención para **“II Trail do Xurés”**

**450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”**

| Beneficiario       | Finalidade               | Importe    |
|--------------------|--------------------------|------------|
| Concello de Muíños | <b>II Trail do Xurés</b> | 4.000,00 € |

**b)** Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2021, prevíanse dúas subvencións ao **Concello de Parada do Sil** para a execución da obra **“Fábrica da Luz”** por importe de 12.000,00 euros e para “Rehabilitación de vivenda pública en Fondevila” a cantidade de 60.000,00 euros.

Baseándonos nas solicitudes presentadas polo Concello de Parada do Sil de data 24 de agosto de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **proponse o cambio da finalidade** da primeira das subvencións pasando a ser “**Abastecemento a San Fiz – Parada de Sil**”. O día 30 de agosto de 2021 presentase no rexistro electrónico da Deputación a solicitude do **cambio da finalidade** da segunda das subvencións, propoñéndose o cambio desta pasando a ser “**Construción de beirarrúas no núcleo da Casalta**”.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

| Beneficiario              | Finalidade                                            | Importe     |
|---------------------------|-------------------------------------------------------|-------------|
| Concello de Parada do Sil | <b>Abastecemento a San Fiz – Parada de Sil</b>        | 12.000,00 € |
|                           | <b>Construción de beirarrúas no núcleo da Casalta</b> | 60.000,00 € |

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, na modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2021 prevíase unha subvención ao **Concello de Oímbra** para a execución do proxecto “Abastecemento Cantarrá” por importe de 48.000,00 euros.

Baseándonos na solicitude presentada polo Concello de Oímbra de data 06 de agosto de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **proponse un cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “**Humanización rúa Cantarrá de Oímbra**”, tal e como se recolle no proxecto aprobado en XGL e remitido ao servizo de subvencións polo importe de 48.000,00 euros.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

| Beneficiario       | Finalidade                                 | Importe     |
|--------------------|--------------------------------------------|-------------|
| Concello de Oímbra | <b>Humanización Rúa Cantarrá de Oímbra</b> | 48.000,00 € |

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, na modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2021 prevíanse unhas subvencións nominativas ao **Concello de Vilardevós** para a execución do proxecto “Rehabilitación piscinas municipais” por importe de 110.000,00 euros, e para o “depósito regulador tras igrexa” por importe de 26.500,00 €.

Baseándonos na solicitude presentada polo Concello de Vilardevós de data 27 de agosto de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **proponse un cambio da finalidade** das dúas subvencións pasando a denominarse,

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

| Beneficiario           | Finalidade                                                | Importe      |
|------------------------|-----------------------------------------------------------|--------------|
| Concello de Vilardevós | <b>Rehabilitación da estrada salto do cabalo a Arzoá.</b> | 110.000,00 € |
|                        | <b>Rehabilitación da estrada Florderrei a Terroso</b>     | 26.500,00 €  |

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, na modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2021 prevíase unha subvención ao **Concello de Paderne de Allariz** para a execución do proxecto “Construción 1ª fase do velorio municipal” por importe de 48.000,00 euros.

Baseándonos na solicitude presentada polo Concello de Paderne de Allariz de data 03 de setembro de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **proponse un cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “**Saneamento nas inmediacións do antigo centro de saúde e no lugar da Batoca**”, dada a imposibilidade de acometer a obra inicialmente subvencionada.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--------------|------------|---------|
|--------------|------------|---------|

|                                |                                                                                    |             |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Concello de Paderne de Allariz | <b>“Saneamento nas inmediacións do antigo centro de saúde e no lugar da Batoca</b> | 48.000,00 € |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------|

**4º.-** Aprobar a modificación orzamentaria do INORDE n.º 4/2021, mediante suplementos de crédito, nos seguintes termos:

Suplementos de crédito

| <b>PARTIDA</b>                     | <b>EXPRESIÓN</b>                | <b>IMPORTE</b>     |
|------------------------------------|---------------------------------|--------------------|
| 42211/207.00                       | Prestación de servizo ao INORDE | 30.000,00 €        |
| <b>Suma suplementos de crédito</b> |                                 | <b>30.000,00 €</b> |

Resumo

|                             |                    |
|-----------------------------|--------------------|
| Suma suplementos de crédito | 30.000,00 €        |
| <b>TOTAL</b>                | <b>30.000,00 €</b> |

Recursos utilizados

|                                                                          |             |
|--------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Remanente de Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais | 30.000,00 € |
|--------------------------------------------------------------------------|-------------|

**5º .-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2022**

O Sr. interventor dá conta do contido da proposta e da emenda de engádegas remitida no día de hoxe.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Novoa, deputada non adscrita**, indica que apoiará o orzamento do grupo de goberno coa finalidade de manter a cooperación e dar estabilidade á Deputación.

**D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito**, indica que reservará o seu voto para examinar a documentación.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, intervén para deixar clara a súa desconformidade co orzamento exposto e que ven na liña dos últimos orzamentos desta Deputación. Indica que en plena crise da pandemia aos concellos da provincia só se lles dedica ao redor do 14% do orzamento provincial e que máis do 60% do orzamento se destina a gastos de persoal e de funcionamento da propia Deputación. Insiste en que ha que corrixir a distribución dos fondos que se fai a través das subvencións nominativas. Seguidamente pasa a dar lectura a algún dos parágrafos da memoria xustificativa da concesión de subvencións nominativas, nos que se indica que se utiliza este sistema de reparto ao non ser posible realizalo con outro tipo de criterios. Segundo isto, entende que a Deputación de Ourense é menos que as outras tres deputacións galegas, que si son capaces de facer a distribución dos seus fondos de cooperación a través dun plan con convocatoria pública, con criterios obxectivos, no que son beneficiarios todos os concellos. Pide que se tome xa en consideración a modificación deste sistema. Engade que o día 1 de setembro pediulle por escrito ao grupo de goberno unha reunión de todos os grupos para consensuar o proxecto de orzamento. Nesa data o grupo de goberno provincial aínda estaba en minoría, se ben na actualidade, tras a entrada de DO novamente no goberno provincial, parece que cambiou. A continuación lémbrale ao deputado de DO que o ano pasado votou en contra do orzamento e agora pregúntase se este ano lle gustará máis a proposta do orzamento da Deputación. Por último realiza a petición de que o importe de 51.000 euros que cada concello percibirá polo plan provincial se manteña con igual criterio que no exercicio pasado, e poder ter liberdade de elección do seu destino para que cada concello o invista no que considere máis oportuno. Reitera o seu voto en contra do orzamento.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, comeza indicando que o seu grupo soe reservar o voto para o Pleno, se ben neste caso xa anticipa que votarán en contra, ao estar ante un orzamento electoralista, inxusto, obsceno e demasiado *burdo*. Sinala que só 41 dos 92 concellos da provincia reciben subvencións de carácter nominativo e que todos, excepto un,

están gobernados polo PP. Quere deixar claro o rexeitamento a esta lamentable forma de gobernar e que o orzamento presentado despreza e é desleal con algúns concellos nos que non goberna o PP. Engade que este orzamento seguramente será legal, pero moralmente non é admisible. Sinala tamén que en todo o ano 2021, tanto no orzamento como nas diferentes modificacións, hai concellos aos que se lle destinaron 0 euros, como poden ser A Pobra de Trives, Melón, Verín ou Ribadavia, polo que non se pode entender a xustificación que se fai na memoria, que se atenden as peticións dos diferentes concellos. Hai que sinalar que o Concello de Xinzo de Limia ten presentados dous ou tres proxectos na Deputación e que non foron incluídos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular**, sinala que escoitadas as intervencións se trata do mesmo discurso de sempre. Indica que no reparto de subvencións foros atendidas moitas das peticións dos concellos, entidades e colectivos, e que o resto poderán ser atendidas nas diferentes modificacións orzamentarias que se farán ao longo do ano. Sinala que non comparte os cualificativos de inxustos, obscenos ou escandalosos que dixo o Grupo Socialista, xa que considera que son palabras moi duras.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, intervéñ para reiterar que o orzamento presentado é escandaloso e que non se goberna para todos os cidadáns da provincia.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, indica que nos criterios de reparto que figuran na memoria hai situacións que lle chaman a atención, como son a inclusión dunha partida de 100.000 euros para o Concello de Bande destinados a servizos sociais dentro das obras en concellos, que se volven repetir plans piloto, cando estes deberan durar só un ano e que os criterios da memoria non se sosteñen.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, di que neste exercicio, e por poñer un exemplo, o Concello de Bande entre orzamento e modificacións de crédito leva case medio millón de euros, ou sexa, máis de 300 euros por habitante, mentres que outros concellos perciben 0 euros.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a abstención do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2022, co detalle que figura nos resumos seguintes:

**A) ENTIDADE LOCAL:**

**Estado de gastos:**

|                                                  |                        |
|--------------------------------------------------|------------------------|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal                   | 33.602.495,94 €        |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 20.820.013,93 €        |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros                  | 299.996,73 €           |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes            | 13.534.576,44 €        |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia               | 300.000,00 €           |
| Capítulo 6.- Investimentos reais                 | 10.628.562,64 €        |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital           | 5.512.153,92 €         |
| Capítulo 8.- Activos financeiros                 | 300.000,00 €           |
| Capítulo 9.- Pasivos financeiros                 | 702.200,40 €           |
| <b>Total gastos</b>                              | <b>85.700.000,00 €</b> |

**Estado de ingresos:**

|                                                       |                        |
|-------------------------------------------------------|------------------------|
| Capítulo 1.- Impostos directos                        | 4.550.000,00 €         |
| Capítulo 2.- Impostos indirectos                      | 4.290.000,00 €         |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 4.908.553,78 €         |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes                 | 71.063.504,64 €        |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais                    | 99.012,00 €            |
| Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais        | 21.000,00 €            |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital                | 467.929,58 €           |
| Capítulo 8.- Activos financeiros                      | 300.000,00 €           |
| <b>Total ingresos</b>                                 | <b>85.700.000,00 €</b> |

**B.- INORDE**

**Estado de gastos:**

|                                                  |                |
|--------------------------------------------------|----------------|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal                   | 1.116.852,56 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 516.148,91 €   |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes            | 184.180,00 €   |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia               | 11.168,53 €    |

|                                  |                       |
|----------------------------------|-----------------------|
| Capítulo 6.- Invetimentos reais  | 98.150,00 €           |
| Capítulo 8.- Activos financeiros | 5.000,00 €            |
| <b>Total gastos</b>              | <b>1.931.500,00 €</b> |

**Estado de ingresos:**

|                                                       |                       |
|-------------------------------------------------------|-----------------------|
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 2.020,00 €            |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes                 | 1.888.842,50 €        |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais                    | 10.010,00 €           |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital                | 25.627,50 €           |
| Capítulo 8.- Activos financeiros                      | 5.000,00 €            |
| <b>Total ingresos</b>                                 | <b>1.931.500,00 €</b> |

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se producen.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

